

EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

(SECRETARIA XERAL)

CERTIFICADO DE SECRETARÍA

María Jesusa Fernández Bascuas, Secretaria acctal., do Excmo Concello da Estrada, do que é Alcalde D. José C. López Campos, **CERTIFICO** que, pola Alcaldía dictouse o Decreto nº 2018-0310 de data 16 de marzo que a continuación se transcribe:

“Vista a proposta da Alcaldía en funcións relativa a adxudicación do Servizo de Programa de Actividades para prevención da dependencia 2018.

-Visto o expediente tramitado, de contratación do Servizo de Programa de Actividades para a prevención da dependencia 2018.

-Visto que se publicou o anuncio de licitación no Perfil do Contratante o día 14 de febreiro de 2018, abrindo un prazo de 7 días hábiles para a presentación das correspondentes ofertas.

-Visto que rematou o prazo o día 23 de febreiro de 2018 e só se presentou unha oferta por Dna. Rocío Couto Rendo.

-Visto que, aberto o sobre A (documentación administrativa) obsérvase que omitíu na declaración responsable, o apartado 11 sobre autorización ao Concello para comprobación de que se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias para coa entidade local e tampouco presenta a declaración xurada respecto daquelas empresas coas que ten algún tipo de vinculación, tal e como se establecía na Cláusula 11, sobre A (documentación administrativa) do PCAP.

Visto que ao tratarse de un defecto subsanable requiríuselle a Sra. Couto Rendo para que presentara a documentación omitida no sobre A.

-Visto que a licitadora presentou en tempo e forma a documentación que faltaba.

-Visto que, non se pudo efectuar a fase de negociación, de conformidade co estipulado na cláusula 14 das do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, por ser a única plica presentada.

-Visto que a oferta económica que presenta Dna. Rocío Couto Rendo atópase por debaixo do tipo de licitación.

Visto que presentou correctamente a documentación acreditativa de cumprimento dos requisitos previos, de conformidade co artº 146.4 do TRLCSP (modificado pola Lei 14/2013, de 27 de setembro de apoio aos emprendedores), así como o xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva polo 5 % do importe da adxudicación excluído o IVE e unha póliza de responsabilidade civil cunha cobertura mínima de 300.000 euros, e xustificante de atoparse ao corrente nos pagamentos da mesma.

Visto o informe da Interventora acctal., asinado o día 16-03-2018.

Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, artigo 21.1.s) da Lei 7/85 e Decreto de delegación desta Alcaldía nº 682 de 15 de xuño de 2015.

Visto o sinalado no artigo 10 da Lei 40/2015 no relativo á avocación de competencias,

RESOLVO:

1º- Avocar a competencia previamente delegada na Xunta de Goberno Local.

2º.-Adxudicar o contrato do SERVIZO DE PROGRAMA DE ACTIVIDADES PARA A PREVENCIÓN DA DEPENDENCIA 2018 por un importe de 34.642 € (IVE incluído) a ROCÍO COUTO RENDO, con DNI nº 44.844.081-S e enderezo en San Pedro de Vilanova (Vedra) con arranxo aos Pregos e á súa oferta.

3º.-Formálcese o contrato no prazo máis breve posible, e, en todo caso, no prazo máximo de 10 días hábiles a contar dende a notificación da adxudicación."

E para que así conste, e aos efectos oportunos, expido a presente de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde.

O Alcalde,

A Secretaria acctal.,

(documento asinado dixitalmente á marxe)